

## **A DIVERSIDADE LINGÜÍSTICA NA PENÍNSULA IBÉRICA: LINGUAS FALADAS, USOS E SITUACIÓNLEGAL. O CASO GALEGO**

Non podemos entender a realidade do Estado español sen aludir ao feito lingüístico. Máis dunha cuarta parte da poboación española coñece e utiliza unha lingua diferente ao castelán. A **Constitución Española (1978), no artigo 3**, reconece o **plurilingüismo** do Estado e establece a **cooficialidade do castelán coas outras linguas españolas**:

3.1. O castelán é a lingua española oficial do Estado. Todos os españois e as españolas teñen o deber de coñecela e o dereito de usala.

3.2. As demais linguas españolas serán tamén oficiais nas respectivas Comunidades Autónomas de acordo cos seus Estatutos.

3.3. A riqueza das distintas modalidades lingüísticas de España é un patrimonio cultural (...) obxecto de especial respecto e protección.

A cooficialidade é un termo que indica a convivencia de dúas ou máis linguas oficiais nunha mesma comunidade. En España, son 5 as linguas cooficiais co castelán:

### **GALEGO:**

Lingua cooficial en Galicia dende o Estatuto de Autonomía de 1981. Os seus límites xeográficos van máis alá de Galicia: o occidente de Asturias, o occidente do Bierzo (León), As Portelas (Zamora) e polo Val de Xátima (Cáceres). Conta con arredor de 1500000 falantes.

O Estatuto de Autonomía (1981), no seu artigo 5º di que “a lingua propia de Galicia é o galego”, que “os idiomas galego e castelán son oficiais en Galicia e todos teñen o dereito de os coñecer e de os usar”, que “os poderes públicos de Galicia garantirán o uso normal e oficial dos dous idiomas e potenciarán o emprego do galego en todos os planos da vida pública, cultural e informativa...” e que “ninguén poderá ser discriminado por causa de lingua”.

A Lei de Normalización Lingüística (1983) garante o dereito dos cidadáns a empregar calquera das dúas linguas nas súas relacións coa Administración local e promulga o carácter bilingüe das institucións autonómicas.

### **ÉUSCARO:**

Lingua cooficial en Euskadi dende o Estatuto de Autonomía de 1979 e na zona vascofona de Navarra dende a Lei de Amelloramento de Navarra de 1982. O conxunto de territorios onde se fala recibe o nome de Euskal Herria e está conformado por Euskadi, Navarra, Iparralde (País Vasco francés) e Treviño (Burgos). Conta con 700000 falantes aproximadamente.

### **CATALÁN:**

Lingua cooficial en Cataluña dende o Estatuto de Autonomía de 1979 e na Comunidade Valenciana (dende 1982), Illas Baleares (dende 1983) e Andorra (dende 1993). Esténdese por Cataluña, Comunidade Valenciana, Illas Baleares, Andorra, unha zona de Aragón, unha rexión de Murcia, o Rosellón francés e unha zona de Sardeña (Italia). Conta con arredor de 8000000 de falantes.

### **VALENCIANO:**

Lingua cooficial na Comunidade Valenciana dende o Estatuto de Autonomía de 1982. Tras un longo conflito, a Acadèmia Vallenciana de la Llengua (AVL) acordou que, dende o punto de vista lingüístico, trátase da mesma lingua que o catalán, pero que o termo máis adecuado para designar a lingua propia da Comunidade Valenciana é o de valenciano.

### **ARANÉS:**

Lingua cooficial no Val de Arán dende 1990 e en toda Cataluña dende 2010. Trátase dunha variante gascona do idioma occitano. Os seus límites xeográficos fíxanse na comarca pirenaica do Val de Arán (Lleida) e conta con arredor de 5.000 falantes.

**-CASTELÁN:** é a única lingua oficial de todo o Estado español. As cifras de falantes son moi conflitivas, xa que hai 8 millóns de cidadáns do Estado español que falan habitualmente outras linguas, polo que a cifra real andaría polos 32 millóns. Tamén é a lingua oficial dunha boa partedeos estados americanos, pero en absoluto é lingua única de todos eles, xa que moitos destes cidadáns empregan linguas amerindias (quechua, nahuatl, maia, guaraní...)

Con todo, existen **outras linguas** que non gozan do mesmo status legal que as anteriores e malia estar recoñecidas como linguas propias, non se declaran como oficiais. É o caso do:

### **ASTURIANO:**

É a lingua tradicional do Principado de Asturias. Malia que o Estatuto de Autonomía (1982) a recoñece e postula que debe gozar de protección e que se debe promover o seu uso e a súa ensinanza, aínda se mantén o carácter voluntario nos centros de ensino. A súa extensión abrangue o Principado de Asturias, parte de León (coñecido tamén como asturleonés) e un pequeno territorio de Portugal (onde se denomina mirandés).

### **ARAGONÉS:**

Aínda que o Estatuto de Autonomía de Aragón (1982) propugna a súa protección, non está considerado como idioma oficial. De feito, a súa situación é precaria e está considerada como unha lingua en risco de desaparición, posto que non está normalizada en ningún ámbito e tampouco posúe aínda unha variedade estándar. Esténdese principalmente polo norte e centro da provincia de Huesca e polo extremo noroccidental da provincia de Zaragoza.

### **OUTRAS:**

Amais destas linguas, na península ibérica atopamos dialectos do castelán, que non teñen recoñecemento como linguas propias: **leonés, andaluz, canario, extremeño e murciano.**

Por outra banda, en Portugal aparecen dúas linguas oficiais: **o portugués e o mirandés.** Non obstante, o mirandés é oficial dende 1999 e soamente na provincia portuguesa Trás-os-Montes e Alto Douro. Actualmente, só 5.000 persoas o teñen como primeira lingua e está en claro retroceso.

A Comunidade de Países de Lingua Portuguesa está formada por nove países independentes que teñen o portugués como lingua oficial: Angola , Brasil , Cabo Verde , Timor-Leste , Guinea-Bissau , Guinea Ecuatorial , Mozambique , Portugal e Santo Tomé e Príncipe.

A lingua portuguesa úsase na vida diaria de case 230 millóns de persoas, repartidas por nove países e unha rexión administrativa especial . É a sétima lingua máis falada do mundo.

### **O GALEGO: A SITUACIÓN SOCIOLINGÜÍSTICA ACTUAL**

O certo é que a situación actual de Galicia preséntase como un fenómeno complexo no que interveñen múltiples e variados factores. Así, encontrámonos con indicadores sociolingüísticos negativos e con outros claramente positivos para a lingua do país:

**Indicadores negativos** : a continuación do proceso da perda de falantes de lingua inicial galega ( castelanización individual), a timidez con que avanza o proceso de normalización lingüística e a escasa penetración do galego nos usos desenvolvidos por axentes de titularidade privada.

**Indicadores positivos** : o incremento da presenza do galego na vida pública, a oficialización da lingua que supuxo a entrada do galego no mundo da educación e nos medios de comunicación e a proliferación de colectivos que defenden a normalización.

Como consecuencia de todo isto prodúcese unha desigual distribución do galego e do castelán.